REGULAMENTO

ART. 1: Data e hora

O **Club Atletismo Fontes do Sar** e o **Departamento Municipal de Deportes del Concello de Santiago** coorganizan, coa colaboración especial do **Multiusos Fontes do Sar - Complexo Deportivo Santa Isabel**, e o control técnico do comité galego de xuíces da **Federación Galega de Atletismo**:

A 2ª carreira nocturna SANTYAGO10K sobre unha distancia homologada de 10km en ruta, que se levará a cabo o vindeiro sábado **21 de maio de 2016** e que dará comezo ás **22:30 horas**.

ART. 2: Circuíto

O circuíto foi medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA) e discorrerá polo casco urbano da cidade de Santiago de Compostela.

O circuíto será pechado ó tráfico e será acotado con valados e outros elementos nos tramos que non exista unha delimitación natural. Será obrigatorio para os participantes correr sempre dentro da zona acotada, estando prohibido o paso por beirarrúas, setos centrais e zonas axardinadas, se non se indica o contrario. O incumprimento desta norma, ou recortar distancia sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descalificación do infractor

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os oficialmente sinalados pola organización.

ART. 3: Control técnico

A carreira estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

ART. 4: Peche de control

O peche da proba realizarase unha hora despois do tempo empregado polo primeiro atleta en cruzar a liña de meta (aproximadamente 1 hora e 30 minutos despois da saída)

ART. 5: Inscricións

A inscrición realizarase a través da pasarela de pago insertada na páxina web oficial do evento: http://www.santyago10k.es, operativa ata as 23:59 horas do domingo 15 de Maio.

O pago realizarase polas seguintes maneiras ou formas:

a) De forma on-line, por medio de tarxeta de débito/crédito, a continuación do propio proceso de rexistro.

b) Habilitarase unha opción de pago presencial, presentando o xustificante de inscrición na recepción do Multiusos Fontes do Sar (rúa Diego Bernal s/n, Santiago de Compostela) ou no Complexo Deportivo Santa Isabel (rúa Tras Santa Isabel s/n, Santiago de Compostela).

Os prezos de inscrición, en función da data, serán os seguintes:

- On-line:
  - Ata o **domingo 8 de maio** ás 23:59 horas: **6 euros**
  - Dende o **luns 9 de maio ata o domingo 15 de maio** ás 23:59 horas: **15 euros**
- Presencial:
  - Ata o **domingo 8 de maio** ás 14:00 horas: **6 euros**
  - Dende o **luns 9 de maio ata o domingo 15 de maio** ás 14:00 horas: **15 euros**

Non se aceptarán inscricións de ningún tipo, fora dos modos e prazos aquí indicados.

(*) O Multiusos Fontes do Sar e o Complexo Deportivo Santa Isabel, realizarán un desconto especial ós seus aboados, deixando o custe da inscrición en 4 euros; para disfrutalo, deberán realizar a inscrición de forma presencial antes do domingo 8 de Maio.

ART. 5.B: Límite de inscricións:

Establécese un **límite de 2.500 participantes**. Unha vez alcanzado o límite, contabilizando só as inscricións con pago confirmado, pecharase a posibilidade de inscrición.

ART. 6: Devolución da cota de inscrición:

Aceptarase só a devolución parcial da inscrición no caso de enfermidade ou grave lesión, previa presentación ó persoal da organización, do certificado médico oficial. Comunicarase previamente no correo electrónico (santyago10k@gmail.com) e indicaráselle como proceder.

O importe da devolución virá determinado pola data de presentación do certificado médico. O 75% da cota se se presenta ata o domingo 1 de Maio, ou o 50% se se presenta despois desa data. En caso contrario, non se procederá o reembolso. Para outros supostos xustificados, a organización valorará, se procede, a devolución parcial da cota.

ART. 7: Entrega de dorsais e chips

Proximamente, a través da web do evento, informarase dos lugares concretos nos que se realizará a entrega de dorsais e chips

As datas previstas para a recollida serán:

- **Venres 20** de Maio de 10:00 a 22:00 horas
- **Sábado 21** de Maio, día da carreira, de 10:00 a 21:00 horas

ART. 8: Uso de dorsais e chips

Os dorsais son persoais e intransferibles, deberanse colocar durante o transcurso da proba, na parte frontal do corpo, de forma totalmente visible e sen dobreces

O chip tamén é persoal e intransferible e deberá asirse os cordóns da zapatilla ou en soporte adecuado para o nocello.

Non serán admitidos pola organización corredores que non están inscritos oficialmente ou corran sen dorsal ou sen chip, ou que pertenzan a outra carreira

O incumprimento de calquera punto deste artigo será motivo de descalificación e verase obrigado a abandonar o trazo na defensa dos dereitos dos corredores lexitimamente inscritos.

ART. 9: Devolución de chips

Será obrigatorio a devolución dos chips unha vez rematada a carreira, nos puntos de recollida sinalizados e habilitados para tal efecto na zona de meta.

En caso de esquecemento de forma involuntaria, rogase contactar ca organización no correo electrónico (santyago10k@gmail.com) e indicaráselle como proceder.

ART. 10: Cronometraxe

A cronometraxe estará a cargo da empresa EME SPORT, mediante o sistema sport tag ou chip.

Habilitaranse varios puntos de control o longo do percorrido. Os participantes que non pasen por tódolos puntos de control, poderán ser descalificados, si así o decide o xuíz arbitro da proba.

ART. 11: Caixóns de saída

No momento da inscrición os participantes poderán acreditar unha marca oficial obtida anteriormente en carreiras de 10km en ruta homologadas. En base a ditas marcas asignaranse diferentes caixóns de saída que axudarán a que a mesma sexa máis fluída e ordeada. Dita distribución reflexarase nos dorsais proporcionados pola organización.

A organización terá o dereito de reservar determinadas prazas para atletas invitados expresamente para o evento.

Estableceranse polo menos catro caixóns de saída, tendo a organización a opción de modificar este reparto en función do número de atletas inscritos que acrediten cada marca, dividindo en máis grupos si se considera beneficioso para a seguridade da proba. Os caixóns previstos son:

- ELITE: Marcas inferiores a 35 minutos
- Caixón 1: Marcas entre 35 e 40 minutos
- Caixón 2: Marcas entre 40 e 45 minutos
- Caixón 3: Marcas entre 45 e 55 minutos
- Caixón 4: Marcas máis de 55 minutos
- Caixón 5: Sen marca previa

Os corredores estarán nos seus postos 10 minutos antes do disparo oficial da saída.

ART. 12: Categorías

Establécense as seguintes categorías de competición:

- Junior: atletas nados/as en 1997 e 1998; (*)
- Promesa : atletas nados/as entre 1994 e 1996;
- Sénior: atletas nados/as entre 1982 e 1993;
- Veteráns/as A: atletas nados/as entre 1977 e 1981;
- Veteráns/as B: atletas nados/as entre 1967 e 1976;
- Veteráns/as C: atletas nados/as entre 1957 e 1966;
- Veteráns/as D: atletas nados/as en 1956 e anteriores.

(*) Os atletas Junior deberán ter cumpridos 18 anos antes da data da carreira.

ART. 13: Medios físicos

Os participantes deberán competir polos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materias de ningún tipo. Calquera dúbida o respecto poderá ser consultada ca organización a través do correo electrónico (santyago10k@gmail.com) e indicaráselle como proceder.

A excepción dos designados pola organización, non está permitido o acompañamento na carreira por ningún vehículo, bicicleta, patíns ou persoas non inscritas na carreira (acompañantes, para avituallamento ou para marcar ritmos).

Debido que as condicións do trazado non son óptimas e velando pola súa seguridade, quedan excluídas de participación, cadeiras de rodas, coches e cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados en ningún momento.

ART. 14: Avituallamentos

Seguindo as normas da FGA e RFEA para probas en ruta, instalarase un posto de avituallamento líquido arredor do quilómetro 5 e outro na liña de meta.

Poñeranse a disposición dos corredores, contedores para a recollida de lixo, de uso obrigatorio.

ART. 15: Servizos médicos

A proba dispoñerá dos servizos Médicos obrigatorios, tanto na liña de meta coma en varios puntos o longo do percorrido. Así mesmo a organización poñerá a disposición dos atletas un servizo de fisioterapia na zona da meta.

Recomendamos a tódolos participantes encher a parte posterior do dorsal cos datos de nome e apelidos completos, teléfono en caso de emerxencia, se está baixo algún tratamento específico, se ten algún problema médico (alerxias, atencións especiais, etc), así coma o seu grupo sanguíneo.

ART. 16: Outros servizos

A organización poñerá a disposición dos participantes un servizo de gardarroupa preto da liña de saída, avituallamento de meta e duchas a finalización da proba. Tamén habilítanse e sinalizaranse baños na zoa de saída, meta e outros puntos do percorrido.

Darase máis información detallada sobre localización de aparcadoiro, duchas, gardarroupa, e outros servizos a través da web da carreira http://www.santyago10.es

ART. 17: Clasificación

Realizaranse as seguintes clasificacións:

- Clasificación xeral absoluta, masculina e feminina;
- Clasificación por categorías, masculina e feminina: Junior, Promesa, Sénior, Veteráns A, B, C, D.

ART. 18: Premios

Repartiranse os seguintes premios en metálico:

- Categoría masculina:
  - 1ª posición absoluta : 200 €
  - 2ª posición absoluta : 100 €
  - 3ª posición absoluta : 50 €
- Categoría feminina:
  - 1ª posición absoluta : 200 €
  - 2ª posición absoluta : 100 €
  - 3ª posición absoluta : 50 €
- Premio especial de 100€ para os atletas masculino e feminina empadroados en Santiago.

Ó marxe premiaranse as seguintes categorías especiais:

- Trofeo para os tres primeiros clasificados masculino e feminino de cada categoría
- Clube Federado con máis participantes chegados a meta.
- Grupo NON Federado con máis participantes chegados a meta.
- Grupo NON Federado con máis participantes femininas chegadas a meta.
- Clube ou Grupo que proceda dende máis lonxe.
- Premio masculino e feminino os participantes que procedan de máis lonxe.
- Corredor e corredora de maior idade.

Para poder optar ós premios é importante coñecer que:

- Os premios non serán acumulables.
- Para optar a participación por Club Federado ou Grupo NON Federado, os atletas deberán realizar a súa inscrición individualmente e posteriormente deberán enviar por correo electrónico a dirección santyago10k@gmail.com un listado detallando os membros computables o efecto.
- Os premiados na categoría de procedencia máis lonxana e corredores de maior idade deberán acreditar a súa procedencia / idade cun documento oficial (DNI, Pasaporte ou similar). No caso de coincidir varios corredores de igual procedencia, premiarase o primeiro en pasar pola meta.

ART. 19: Entrega de premios

A entrega de premios realizarase o mesmo día da carreira, no estrado instalado na Praza do Obradoiro; previamente expoñeranse os resultados no taboleiro de anuncios.

Os atletas premiados deberán atoparse na zona do pódium e estar atentos a súa chamada no momento que se faga o anuncio por altofalantes. Será necesario presentar o DNI ou pasaporte a efectos de identificación.

Aqueles que non se presenten a recollida do premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo. Unicamente poderán subir o estrado os atletas premiados e non se fará entrega a outra persoa.

ART. 20: Reclamacións

Tódalas reclamación deberán efectuarse verbalmente o Xuíz Árbitro da proba, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois da hora da publicación dos resultados oficiais.

ART. 21: Descalificacións

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba, o atleta que manifeste un mal estado físico, non facilite á organización a documentación que se lle requira ou os corredores/as que non respeten as indicacións do persoal da Federación Galega de Atletismo, Policía Local, Protección Civil, Servizos Médicos, Voluntarios ou calquera membro da organización debidamente identificado.

Os Xuíces da proba terán a facultade de descalificar por infracción a quen non leve visiblemente o seu dorsal, o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados a organización con respecto o que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido establecido ou incumpra calquera outra norma contemplada nas Normas da FGA, RFEA ou IAAF.

Os corredores/as descalificados/as non terán opción a premios nin trofeos.

ART. 22: Responsabilidade

O participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización de dita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil, que cubrirá as incidencias da proba.

ART. 23: Participación de estranxeiros

A participación de atletas estranxeiros en competicións de ruta autonómicas estará regulada pola normativa publicada na páxina oficial da RFEA, no seu artigo 3.4 (páxina 72 do manual), artigo que poderán consultar no seguinte enlace: Reglamentación RFEA 2014-2015

ART. 24: LOPD

Tódolos corredores/as o realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación, internet, ou calquera outro medio que a organización puidera requirir.

Mediante a inscrición, o participante consente expresamente que os seus datos sexan cedidos e utilizados polos organizadores de eventos, as empresas que participan na organización, os patrocinadores e a Federación Galega de Atletismo, En todo caso, e de conformidade có establecido polo Art. 5 da LOPD, informase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte de:

- Un ficheiro, cuxo responsable de tratamento será o Clube de Atletismo Fontes do Sar, e cuxa finalidade será a xestión de actividades realizadas baixo a responsabilidade do Concello. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais neste ficheiro poderán facerse por correo electrónico na dirección santyago10k@gmail.com, nos termos establecidos nos artigos 15, 16 y 17 da LOPD.

- Un ficheiro que como responsable de tratamento será a Federación Galega de Atletismo, e cuxa finalidade será a xestión de actividades realizadas baixo a responsabilidade da Federación Galega de Atletismo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais neste ficheiro poderán facerse ante a Federación Galega de Atletismo (Praza Agustín Díaz nº 1 - Complexo Deportivo de Elviña - 15002 A Coruña), e nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPD.

- Esta proba pertence ó Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición, o corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos (Nome, Apelidos, NIF/NIE/Pasaporte, Data de Nacemento, Sexo e Código Postal de residencia), sexan enviados a Real Federación Española de Atletismo, para a xestión das licenzas de día, resultados e ranking. A posesión dunha licenza garante que o corredor/a participa cuberto polo seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos.

ART. 25: Compromiso

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

ART. 26: Cambios no regulamento

A organización reservase o dereito de facer algún cambio no presente regulamento, si así fose necesario, debendo comunícalo na web oficial, redes sociais e por medio de correo electrónico a aqueles inscritos que o facilitaran durante a inscrición.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.